

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

RESOLUCIÓN do 9 de xullo de 2018 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2018/19, e a convocatoria da declaración de participación para o curso escolar 2019/20.

O Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados agrarios, prevé dous réximes de axudas destinados a mellorar a distribución de produtos agrarios no alumnado de centros escolares. O primeiro réxime refírese á distribución de produtos dos sectores das froitas e hortalizas, das froitas e hortalizas transformadas e do plátano (programa de consumo de froitas e hortalizas nas escolas) e o segundo á distribución de leite e de produtos lácteos (programa de consumo de leite nas escolas).

O Regulamento (UE) nº 2016/791 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2016, polo que se modifican os regulamentos (UE) nº 1308/2013 e (UE) nº 1306/2013 no que atinxe ao réxime de axudas para a distribución nos centros escolares de froitas e hortalizas, plátanos e leite, substitúe estes dous réximes por un único, con efectos a partir do curso escolar 2017/18. Este réxime único dota estas axudas dun marco xurídico e financeiro común, máis adecuado e efectivo, que maximice o impacto da distribución e aumente a eficacia na xestión dos programas escolares.

Xunto con este, o Regulamento (UE) nº 2016/795 do Consello, do 11 de abril de 2016, polo que se modifica o Regulamento (UE) nº 1370/2013, establece medidas relativas á fixación das axudas e restitucións en relación coa organización común de mercados dos produtos agrícolas.

Finalmente, cómpre completar o marco normativo comunitario co Regulamento de execución (UE) nº 2017/39 da Comisión, do 3 de novembro de 2016, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que atinxe á axuda da Unión para a distribución nos centros escolares de froitas e hortalizas, plátanos e leite e, finalmente, co Regulamento delegado (UE) nº 2017/40 da Comisión, do 3 de novembro de 2016, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo á axuda da Unión para a subministración de froitas e hortalizas, plátanos e leite nos centros escolares e se modifica o Regulamento delegado (UE) nº 907/2014 da Comisión.



Na actualidade segue existindo unha tendencia á baixa no consumo de froitas e hortalizas frescas e de leite. Por iso, os regulamentos establecen a necesidade de centrar a distribución de forma prioritaria nestes produtos. Así mesmo, débense realizar esforzos para garantir a distribución de produtos locais e rexionais.

Para apoiar a distribución necesítanse medidas educativas de acompañamento que dean efectividade ao programa escolar na consecución dos seus obxectivos a curto e longo prazo, é dicir, aumentar o consumo dunha selección de produtos agrícolas e conseguir que a infancia adopte dietas máis saudables. Dada a importancia que revisten, esas medidas servirán de apoio tanto á distribución de froitas e hortalizas como á de leite nos centros escolares. Como medidas educativas de acompañamento que son, constitúen un instrumento esencial para conectar os nenos coa agricultura e a variedade de produtos agrícolas da Unión, en particular os producidos na súa zona, coa axuda, por exemplo, de expertos en nutrición e agricultores. As medidas de acompañamento representan un conxunto de actividades que son necesarias para asegurar e reforzar o obxectivo deste plan de consumo. Estas actuacións son obrigatorias para o desenvolvemento do plan.

En Galicia, a regulación da axuda recollida nesta resolución desenvolve a normativa básica estatal contida no Real decreto 511/2017, do 22 de maio, polo que se desenvolve a aplicación en España da normativa da Unión Europea en relación co programa escolar de consumo de froitas, hortalizas e leite, que establece as modalidades de aplicación da nova normativa da Unión Europea en relación cos plans escolares de consumo de froitas, hortalizas e leite.

Esta resolución regula, no seu capítulo I, as bases reguladoras para a tramitación e concesión das axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares; no seu capítulo II, a convocatoria das axudas para o curso escolar 2018/19 e, no seu capítulo III, a convocatoria da apertura do prazo de presentación das declaracións de participación para o curso 2019/20.

É de aplicación para a tramitación e concesión de axudas nesta comunidade autónoma a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como, no que resulta de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, que regula os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións administrativas.

Segundo a Lei 7/1994, do 29 de decembro, de creación do Fondo Galego de Garantía Agraria –Fogga– (denominado así en virtude da disposición adicional quinta da Lei 7/2002,



do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo), e o Decreto 7/2014, do 16 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria, correspóndelle ao dito organismo, entre outras funcións, a execución das accións necesarias para a aplicación da política agrícola común (PAC) no eido agrícola e gandeiro, respecto das axudas e subvencións con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), así como a execución de accións necesarias para o funcionamento das distintas organizacións de mercados e a mellora das estruturas agropecuarias.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, en aplicación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no uso das facultades previstas no artigo 2 da devandita Lei 7/1994,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras do réxime de axudas destinadas á subministración, incluída a loxística e repartición, ao alumnado de centros escolares na Comunidade Autónoma de Galicia de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo, recollidos nesta resolución.

2. Igualmente, é obxecto desta resolución a convocatoria das ditas axudas para o curso escolar 2018/19 e a convocatoria da declaración de participación para o curso escolar 2019/20, consonte o disposto no Regulamento (UE) nº 2016/791 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2016, polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 1308/2013 e (UE) nº 1306/2013 no que atinxe ao réxime de axudas para a distribución nos centros escolares de froitas e hortalizas, plátanos e leite, e no Regulamento (UE) nº 2016/795 do Consello, do 11 de abril de 2016, que modifica o Regulamento (UE) nº 1370/2013, polo que se establecen medidas relativas á fixación de axudas e restitucións en relación coa organización común de mercados dos produtos agrícolas, e os regulamentos que os desenvolven e complementan.

3. A axuda abrangue tres procedementos diferenciados. O procedemento MR265A, de declaración de participación no Programa escolar; o procedemento MR265B, de solicitude de axuda para a subministración de produtos aos centros escolares, e o procedemen-



to MR265C, de solicitude do pagamento da axuda para a subministración de produtos aos centros escolares.

CAPÍTULO I Bases reguladoras

Artigo 2. *Persoas destinatarias*

1. Será destinatario final da axuda o alumnado que asista regularmente aos centros ou establecementos escolares, administrados ou recoñecidos polas autoridades competentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que pertenza aos seguintes niveis de ensino:

- a) Educación infantil.
- b) Educación primaria.
- c) Educación secundaria obrigatoria.

Artigo 3. *Produtos que se subvencionan e restricións*

1. Poderán ser obxecto de distribución no Programa escolar os seguintes grupos de produtos:

- a) Froitas frescas e castañas.
- b) Leite líquido de consumo e as súas versións sen lactosa.

2. A axuda da Unión concederáse unicamente para os produtos a que se refire o anexo I.

3. Os produtos non poderán ser obxecto de distribución no marco das comidas escolares.

4. Os produtos distribuídos serán sempre de excelente calidade. No caso das froitas frescas, serán preferentemente de tempada, encontraranse no seu grao óptimo de madureza de consumo e serán consumidas no seu estado natural, non poderán someterse a ningún procesamento, incluído a elaboración de zume. A castaña consumirase cocida ou asada.



5. Optarase preferentemente pola distribución de produtos da Comunidade Autónoma de Galicia que empreguen na súa obtención sistemas de produción sustentables e respectuosos co ambiente.

6. Os produtos recollidos no anexo I terán que cumprir, de ser o caso, os requisitos do Regulamento (CE) nº 852/2004 e do Regulamento (CE) nº 853/2004 e, en particular, os relativos á preparación nun establecemento autorizado, así como os de marcación de identificación especificados na sección I do anexo II do Regulamento (CE) nº 853/2004.

Artigo 4. Períodos de subministración dos produtos, calendario de distribución e racións

1. A subministración nos centros escolares farase durante un ou os dous dos seguintes períodos de repartición autorizados:

1º período: de novembro de 2018 a febreiro de 2019 (ambos incluídos).

2º período: de marzo a xuño de 2019 (ambos incluídos).

A distribución de froitas frescas e castañas levarase a cabo, para cada un dos períodos, durante dez (10) días lectivos consecutivos.

A distribución de leite líquido de consumo levarase a cabo, para cada un dos períodos, durante un mínimo de vinte (20) días lectivos consecutivos e un máximo de 60.

2. A ración máxima de consumo por alumno/a e día é de:

a) Froitas frescas e castañas: 0,17 kg.

b) Leite líquido de consumo e as súas versións sen lactosa: 200 cc.

Para cada centro escolar admitirase unicamente un provedor por grupo de produto e período de repartición.

Artigo 5. Axuda da Unión para a subministración e a distribución de produtos

1. A axuda da Unión destinarase a financiar a subministración e distribución, incluídas a loxística e a repartición dos produtos subvencionables a que se fai referencia no artigo 3. O IVE será financiado con cargo ao orzamento da Xunta de Galicia.



2. O importe máximo aplicable ao produto en euros/kg para a subministración e distribución, incluídos os custos de loxística e repartición, será o establecido no anexo I.

Non obstante, cando as rutas de distribución supoñan máis de 350 quilómetros, pode-rase complementar o importe aplicable ao produto en euros/kg para cubrir gastos extra de transporte tal e como se establece na alínea c) do anexo I.

3. Os importes do anexo I, excepto os gastos extra de transporte, incrementaranse nun 10 % para produtos avalados por réximes de calidade recoñecidos pola UE, estableci-dos no Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento e do Consello, do 21 de novembro, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, e no Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello, do 28 de xuño, sobre produción e etiquetaxe dos produ-tos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) nº 2092/91, ou dos réximes de calidade a que se refire o artigo 16, número 1, alíneas b) e c), do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello.

Artigo 6. Persoas solicitantes da axuda para a subministración e distribución dos produtos

1. Poderán solicitar a axuda as persoas físicas ou xurídicas que exerzan a actividade de produción e/ou comercialización dos produtos subvencionables determinados no artigo 3, cuxas empresas ou establecementos estean dados de alta no correspondente rexistro sa-nitario oficial (Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos-RXSEAA, ou Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos-Regasa) e que reúnan os requisitos establecidos nesta resolución.

2. Para os efectos da aplicación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subven-cións, será persoa beneficiaria da axuda unha persoa solicitante que fose aprobada para participar no Programa escolar.

3. Non poderán ser aprobados para a súa participación no Programa nin polo tanto, concedérselles a axuda a aqueles que estean incursos nalgunha das causas de prohibición que impiden obter a condición de persoa beneficiaria previstas na normativa aplicable en materia de subvencións.



4. Para os efectos de xustificar o cumprimento dos requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas solicitantes asinarán unha declaración de cumprimento dos ditos requisitos.

Artigo 7. Declaración de participación no Programa escolar (código do procedemento MR265A)

1. As persoas interesadas que teñan a súa sede social en Galicia e que pretendan subministrar produtos no marco do Programa escolar, deberán presentar unha declaración de participación de acordo co modelo do anexo II desta resolución.

2. Os requisitos para poder participar como persoa subministradora nos cursos escolares 2018/19 e 2019/20 serán os establecidos nos capítulos II e III, respectivamente.

3. As declaracións presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes destas.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa declaración presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da declaración aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das declaracións poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as declaracións presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. A declaración dirixirase ao Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga); rúa dos Irmandiños, s/n, Salgueiriños, 15781 Santiago de Compostela.



Artigo 8. *Documentación complementaria para presentar coa declaración de participación*

1. Xunto coa declaración, as persoas provedoras que soliciten por primeira vez deberán achegar a seguinte documentación:

a) Memoria descritiva da estrutura técnica dispoñible que permita controlar a execución da actividade subvencionable e garantir o cumprimento dos obxectivos do programa, na cal consten polo menos:

1º. Instalacións necesarias para realizar a manipulación e o almacenamento dos produtos obxecto de subvención con carácter previo á súa distribución.

2º. Infraestrutura loxística (persoal, número de vehículos propios ou de terceiros e as súas características).

3º. Acreditación da experiencia da persoa solicitante relacionada coa distribución dos produtos.

b) Se é o caso, escritura de constitución e estatutos da sociedade ou asociación, e as súas modificacións.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o Fogga poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos cales se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

De se produciren cambios na documentación sinalada, a persoa solicitante terá a obriga de comunicalo no prazo dun mes desde que estes se producisen.

2. A documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, o Fogga poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.



A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da declaración. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da declaración, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da declaración e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que cómpre presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pódese consultar na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI/NIE da persoa declarante.
- b) DNI/ NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade declarante.
- d) Alta no imposto sobre actividades económicas (IAE).
- e) Alta no rexistro sanitario de empresas correspondente.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Artigo 10. Tramitación e resolución da declaración de participación

1. Á vista da declaración e documentación presentadas, a dirección do Fogga validará e comunicará ao Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) as declaracións de participación que cumpran os requisitos.

2. De acordo co artigo 9.3 do Real decreto 511/2017, o FEGA elaborará e comunicará á Comunidade Autónoma de Galicia a listaxe de participantes aprobados, que terá validez en todo o territorio nacional.

3. A dirección do Fogga resolverá de acordo co establecido no capítulo III desta resolución, entendéndose estimadas por silencio positivo aquelas declaracións que non sexan resultas e notificadas en prazo, segundo o artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. A participación poderá ser suspendida por un período dun a doce meses, ou retirada, pola dirección do Fogga, en calquera momento, atendendo á gravidade da infracción, polo incumprimento dalgún dos compromisos asumidos pola persoa declarante ou pola existencia de irregularidades, logo de ponderar as circunstancias que concorran en cada caso. No suposto de retirada, transcorrido un período mínimo de, polo menos, doce meses, poderase conceder unha nova autorización, por instancia da persoa interesada, logo de valorar os antecedentes que motivaron a retirada da anterior.

5. A ordenación e a instrución deste procedemento corresponderán á Subdirección Xeral de Xestión da PAC do Fondo Galego de Garantía Agraria.

Artigo 11. Presentación e tramitación da solicitude de axuda (código do procedemento MR265B)

1. Aqueles que foron aprobados para participar no Programa escolar no curso 2018/19 presentarán a solicitude de axuda no servizo territorial do Fogga onde radiquen os centros escolares a que subministren. A solicitude presentarase no prazo establecido no capítulo II, na forma establecida no artigo 7.3 desta resolución, segundo o modelo de anexo III.

Empregarase un modelo de anexo III para froitas frescas e castañas e outro para leite.

2. No caso de que os importes solicitados superen a contía das dispoñibilidades orzamentarias, reduciríase proporcionalmente o seu importe.



3. Efectuados os controis pertinentes, os servizos territoriais do Fogga elevarán a oportuna proposta, a través da xefatura territorial, á dirección do Fogga, sobre as solicitudes presentadas, para que dite a correspondente resolución, entendéndose desestimadas por silencio negativo aquelas que non sexan resoltas e notificadas no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación das solicitudes de axuda.

4. As persoas solicitantes da axuda que foron aprobadas, deberán comunicar ao Fogga, previamente á repartición dos produtos, as modificacións que pretendan realizar na distribución dos produtos da súa solicitude de axuda.

Artigo 12. Documentación complementaria que cómpre presentar coa solicitude de axuda

1. Xunto coa presentación do anexo III de solicitude achegarase a seguinte documentación tendo en conta o grupo de produto que se vai distribuír:

1º Anexo III-A de aceptación de compromisos e certificación de datos do centro escolar (para o grupo de produto de froitas frescas e castañas).

2º Anexo III-B de aceptación de compromisos e certificación de datos do centro escolar (para o grupo de produto de leite líquido de consumo).

3º Ficheiro CSV de carga de datos de distribución, que se axustará á estrutura detallada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

2. A persoa solicitante cubrirá a declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ás distintas administracións ou entes públicos para o mesmo proxecto, das concedidas por estas e doutros ingresos e recursos que financien as actividades subvencionadas, que se inclúe nesta solicitude.

3. A presentación da documentación complementaria farase nos termos establecidos no artigo 8.2 desta resolución.

Artigo 13. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Estar ao día nas obrigas tributarias co Estado.



- b) Estar ao día no pagamento á Seguridade Social.
- c) Estar ao día nas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 14. *Procedemento para o pagamento da axuda (código do procedemento MR265C)*

1. As persoas provedoras solicitarán o pagamento da axuda conforme o modelo previsto no anexo IV desta resolución, na forma establecida no artigo 7.3, e dirixirase ao servizo territorial do Fogga da provincia onde radiquen os centros escolares correspondentes.

Previamente á presentación da solicitude, a persoa provedora gravará na aplicación informática que o Fogga habilitará para estes efectos os datos relativos á repartición de produtos por centro escolar.

Rematada a gravación, a aplicación xerará un código de peche que será imprescindible para cubrir o anexo IV de solicitude de pagamento.

2. Só será admisible unha única solicitude de pagamento para cada período de distribución e grupo de produto.

3. A solicitude de pagamento presentarase no prazo establecido no capítulo II desta resolución.

Se o prazo de presentación da solicitude de pagamento excede en menos de 60 días naturais, a axuda verase reducida como se indica a continuación:

- a) Un 5 %, se o prazo se supera entre 1 a 30 días naturais.
- b) Un 10 %, se o prazo se supera entre 31 a 60 días naturais.

Cando o prazo se exceda en máis de 60 días naturais, a axuda reducirase, ademais, nun 1 % por cada día adicional, calculado sobre o saldo restante.



4. A persoa solicitante cubrirá a declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ás distintas administracións ou entes públicos para o mesmo proxecto, das concedidas por estas e doutros ingresos e recursos que financien as actividades subvencionadas, que se inclúe nesta solicitude.

Artigo 15. *Documentación complementaria*

1. A persoa provedora xuntará, a través da aplicación informática, a seguinte documentación complementaria:

a) As facturas das cantidades de produtos efectivamente subministradas, por centro escolar e por grupo de produto (froita ou leite).

b) Os albarás de entrega dos produtos, asinados e selados polo centro escolar.

c) O certificado, selado e asinado polo centro escolar, no cal figuren o número de alumnos/as matriculados/as ao comezo do curso escolar e o número de alumnos/as participantes na liña de axuda, por nivel de ensino e tipo de produto, coas cantidades efectivamente subministradas.

d) No caso de subministrar produtos avalados polos réximes de calidade recollidos no artigo 5.3 desta resolución, achegarase a documentación acreditativa correspondente:

1º. Provedores produtores: certificado emitido polo órgano competente correspondente de que os produtos distribuídos nos centros escolares están avalados por un réxime de calidade diferenciada, e/ou fotografía da etiquetaxe dos produtos distribuídos onde figure a dita denominación.

2º. Os demais: copia da factura de compra dos produtos que se distribuíron aos centros escolares onde figure a denominación de produto de calidade diferenciada e/ou fotografía da etiquetaxe dos produtos distribuídos onde figure a dita denominación.

Artigo 16. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Estar ao día nas obrigas tributarias co Estado.



- b) Estar ao día no pagamento á Seguridade Social.
- c) Estar ao día nas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 17. *Controis*

1. O Fogga establecerá un plan de controis co obxecto de garantir o cumprimento da normativa aplicable a esta axuda, de acordo co establecido nos artigos 9 e 10 do Regulamento de execución (UE) nº 2017/39 da Comisión, do 3 de novembro de 2016.

2. Levaranse a cabo controis administrativos a todas as solicitudes, que incluírán a comprobación dos xustificantes previstos en relación coa distribución dos produtos. Tamén se realizarán controis sobre o terreo nas instalacións do solicitante, que se complementarán con controis nas instalacións dos centros escolares incluídos na listaxe do solicitante.

Artigo 18. *Irregularidades*

1. A existencia de irregularidades na calidade dos produtos subministrados, a distribución incorrecta a todo o alumnado participante (lugar, horario, forma e produto), a superación das racións máximas de consumo por alumno/a e día lectivo, a falsidade de datos, a desviación dos produtos do seu destino e, en xeral, calquera impedimento, total ou parcial, para que a axuda repercuta directamente en beneficio do alumnado, poderá implicar a suspensión ou retirada da participación de acordo co previsto no artigo 10.4 desta resolución, sen prexuízo das responsabilidades de calquera tipo nas que puidesen incorrer as persoas responsables do centro escolar e/ou a persoa provedora.

2. Sen prexuízo do anterior, a existencia de calquera irregularidade na execución na liña de axuda prevista nesta resolución poderá dar lugar á denegación ou minoración da axuda solicitada.

3. As medidas previstas nos dous puntos anteriores non se aplicarán nos supostos de forza maior, así como nos casos en que se determine que as irregularidades non se cometeron deliberadamente ou por negligencia, sen prexuízo dos apercibimentos e inspeccións que correspondan.



Artigo 19. Tramitación e resolución das solicitudes de pagamento

1. Efectuados os controis pertinentes, os servizos territoriais do Fogga elevarán a oportuna proposta, a través da xefatura territorial, á dirección do Fogga, sobre as solicitudes de pagamento presentadas, para que esta dite a correspondente resolución.

2. O prazo máximo para emitir a resolución e realizar o pagamento será o establecido no capítulo II desta resolución.

3. A falta de resolución expresa no prazo anterior implica que as solicitudes presentadas se entenderán desestimadas por silencio administrativo.

Artigo 20. Compatibilidade das subvencións

O importe da axuda concedida non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo dos produtos obxecto de subvención.

Artigo 21. Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta resolución e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 22. Reintegro da axuda

Para a recuperación dos importes pagados indebidamente, será de aplicación *mutatis mutandis* o artigo 7 do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014.

De conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento delegado (UE) nº 2017/40 da Comisión, do 3 de novembro de 2016, no caso de incumprimento das obrigas establecidas en virtude do Programa escolar, excepto as recollidas no artigo 64.2, alíneas a) a d), do Regulamento (UE) nº 1306/2013, a persoa solicitante, ademais de devolver os importes pagados indebidamente, pagará unha sanción administrativa equivalente á diferenza entre o importe exixido inicialmente e o importe a que teña dereito.

Artigo 23. Recursos administrativos

1. Contra as resolucións ditadas en aplicación desta resolución pola dirección do Fogga poderase interpoñer un recurso de alzada, ante a Presidencia do dito organismo, no prazo



dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Se a resolución non é expresa, poderase interpoñer en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Artigo 24. *Obriga de facilitar información*

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, lles poidan exixir os órganos correspondentes do Fogga, as persoas beneficiarias teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos dependentes do organismo pagador, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 25. *Publicidade sobre a distribución de produtos nos centros escolares*

Os centros escolares que participen no Programa escolar deberán publicitar, na entrada principal do centro e nun lugar onde se poida ver e ler claramente, que este está subvencionado pola Unión europea, mediante os carteis elaborados e facilitados polo Fogga.

CAPÍTULO II

Convocatoria das axudas para o curso escolar 2018/19

Artigo 26. *Axudas obxecto da convocatoria*

Mediante esta resolución convócanse para o curso escolar 2018/19 as axudas para a subministración, ao alumnado de centros escolares, dos produtos sinalados no anexo I da presente resolución.

Artigo 27. *Declaración de participación como persoa provedora*

As persoas solicitantes que pretendan participar no Programa escolar deberán figurar na listaxe do FEGA (Fondo Español de Garantía Agraria) de participantes aceptados para distribuír froita e leite escolar, curso 2018/19, na Comunidade Autónoma de Galicia.



Artigo 28. *Solicitud de axuda*

1. As persoas solicitantes que foran aprobadas para participar no Programa escolar segundo o establecido no artigo anterior solicitarán a axuda ata o 20 de setembro de 2018 (incluído) e asumirán os correspondentes compromisos, segundo o disposto no artigo 12 desta resolución.

2. As solicitudes de axuda serán resoltas e notificadas no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación das solicitudes de axuda.

Artigo 29. *Solicitudes de pagamento*

1. As solicitudes de pagamento presentaranse nun prazo máximo de tres meses contados a partir do día seguinte ao do remate de cada período de subministración autorizado establecido no artigo 4.1 desta resolución.

2. O prazo máximo para emitir a resolución e realizar o pagamento será de tres meses contados a partir do día de presentación da solicitude de pagamento válida e completa, a menos que se iniciasen investigacións administrativas.

Artigo 30. *Axuda da Unión*

Estas axudas fináncianse no 100 % con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA). O imposto sobre o valor engadido (IVE) será subvencionado coa axuda da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 5 desta resolución, o importe aplicable para cada produto será o indicado no anexo I.

Artigo 31. *Financiamento*

1. Esta convocatoria finánciase con cargo á aplicación orzamentaria 13.80.713F.779.0 do orzamento de gastos do Fondo Galego de Garantía Agraria para o curso 2018/19, polo importe máximo de 1.544.400 euros, segundo as seguintes anualidades e grupo de produto:

Exercicio 2018: 154.440 euros, dos cales 104.000 euros corresponden ao programa de leite (100.000 euros de fondos FEAGA e 4.000 euros de fondos da Xunta de Galicia) e 50.440 euros ao programa de froita (48.500 euros de fondos FEAGA e 1.940 euros de fondos da Xunta de Galicia).



Exercicio 2019: 1.389.960 euros, dos cales 936.000 euros corresponden ao programa de leite (900.000 euros de fondos FEAGA e 36.000 euros de fondos da Xunta de Galicia) e 453.960 euros corresponden ao programa de froita (436.500 euros de fondos FEAGA e 7.460 euros de fondos da Xunta de Galicia).

2. En todo caso, a concesión da axuda condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente, e limitarase ás dispoñibilidades orzamentarias. Deberase proceder á tramitación do oportuno expediente de xeración e ampliación de crédito no caso de que a cantidade inicialmente consignada non resulte suficiente.

3. As ditas dotacións orzamentarias poderanse incrementar, se for procedente, con outros fondos procedentes do Fondo Europeo Agrícola de Garantía, dos orzamentos xerais do Estado e da Comunidade Autónoma. Neste suposto, tramitarase o oportuno expediente de xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

Artigo 32. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou se deixen de efectuar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos



sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non sexa posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico efectuarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 33. *Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, tamén se poderán tramitar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 34. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Fogga publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren imponse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



CAPÍTULO III**Convocatoria da declaración de participación para o curso escolar 2019/20****Artigo 35. *Obxecto da convocatoria***

Mediante esta resolución convócanse a apertura do prazo para presentar as declaracións de participación para o curso escolar 2019/20.

Artigo 36. *Declaración de participación como persoa provedora*

1. As persoas solicitantes cuxa sede social radique na Comunidade Autónoma de Galicia e pretendan participar no Programa escolar deberán solicitalo ao Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), segundo o modelo que figura no anexo II, ata o 15 de setembro de 2018 (incluído).

2. As persoas solicitantes deberán achegar a documentación referida no artigo 8.1 da presente resolución.

3. A dirección do Fogga resolverá no prazo máximo de tres meses unha vez rematado o prazo para presentar as declaracións de participación.

Disposición adicional primeira. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Consellería do Medio Rural/Fondo Galego de Garantía Agraria– coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e na referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, e esta circunstancia reflectirase no dito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exigida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito nesta norma reguladora a través



dos distintos medios de comunicación institucionais dos cales dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Disposición adicional segunda. *Normativa aplicable*

Para todo o non previsto nesta resolución será de aplicación a sección I do capítulo II do título I da parte II do Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e as súas normas de desenvolvemento e aplicación, así como o Real decreto 511/2017, do 22 de maio, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o seu Regulamento, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e tamén a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009.

Disposición derradeira

Esta resolución terá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e será de aplicación para os cursos escolares 2018/19 e 2019/20.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Belén María do Campo Piñeiro
Directora do Fondo Galego de Garantía Agraria

ANEXO I
Importe máximo aplicable ao produto en euros/kg

a) Froitas frescas e castañas.

Produto	Importe máximo aplicable ao produto (€/kg)
Albaricoque	3,70
Ameixa	2,69
Amorodo	3,75
Caqui	2,25
Castaña	6,00



Produto	Importe máximo aplicable ao produto (€/kg)
Cereixa	4,74
Clementina	2,72
Figo fresco	4,38
Froitas tropicais (chirimoia, mango, papaia...)	2,62
Froitos vermellos (framboesa, arando, grosella...)	12,87
Granada	2,70
Kiwi	2,99
Laranxa	1,98
Mandarina	2,02
Mazá	1,88
Melón	2,99
Nectarina	2,56
Néspera	3,92
Paraguaio	2,97
Pera	2,19
Pexego	2,41
Plátano	1,46
Sandía	1,16
Uva	3,23

b) Leite líquido de consumo e as súas versións sen lactosa.

Produto	Importe máximo aplicable ao produto (€/kg)
1.1 Leite tratado termicamente (pasteurizado)	1,30
1.2 Leite tratado termicamente (os demais) en envases de 200 cc	1,34
1.3 Leite tratado termicamente (os demais) en envases distintos de 200 cc	0,95
1.4 Leite tratado termicamente. Sen lactosa. En envases de 200 cc	1,36
1.5 Leite tratado termicamente. Sen lactosa. En envases distintos de 200 cc	0,96

(1 litro de leite equivale a 1,03 quilogramos)

c) Transporte.

Traxecto total da ruta de distribución	Axuda complementaria para gastos de transporte (€/kg)
Máis de 350 km, pero menos de 500 km	0,0726
Máis de 500 km, pero menos de 750 km	0,0953
Máis de 750 km	0,1083
Suplemento por transporte frigorífico	0,0085




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA ESCOLAR	MR265A	DECLARACIÓN

DATOS DA PERSOA DECLARANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa ou entidade declarante Persoa ou entidade representante

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Postal (cúbrase o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se realicen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA


PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

OBXECTO DA DECLARACIÓN

Participar no Programa escolar, para o curso 2019/20, e realizar a distribución de produtos, ata o punto de entrega establecido pola Comunidade Autónoma, ao alumnado de centros escolares do ámbito territorial que se indica a continuación:

PRODUTO PARA DISTRIBUÍR	PRODUTO PARA DISTRIBUÍR PREVISTO NO ARTIGO 5.3	CANTIDADE DISPOÑIBLE (kg)	COMUNIDADE AUTÓNOMA DE DISTRIBUCIÓN

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: y1dqvau0-e8v1-eut1-1r1e5-g5fjgu8rox93


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO II
 (continuación)

A PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Coñecer a regulamentación ao respecto e comprometerse a cumprila, quedando advertida de que o incumprimento total ou parcial destas obrigas implicará a perda da súa condición como persoa participante no Programa escolar, sen prexuízo das sancións que correspondan polas infraccións en materia de subvencións e axudas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou das accións de orde penal, civil ou administrativa que procedan.
2. Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición que impidan obter a condición de persoa beneficiaria previstas na normativa aplicable en materia de subvencións.
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Que dispón da capacidade e dos medios suficientes para realizar a distribución cos requisitos fixados nesta resolución.
5. Que garante que os produtos financiados pola Unión Europea en virtude do Programa escolar estean dispoñibles para o consumo polo alumnado do centro ou centros de ensino para os cales solicitarán a axuda.
6. Que se compromete a reintegrar toda a axuda pagada de forma indebida polas cantidades que corresponda se se comproba que os produtos non se distribuíron ao alumnado ou non poden recibir a axuda da Unión.
7. Que se compromete a poñer os documentos xustificativos da axuda á disposición do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) cando este os solicite.
8. Que se compromete a permitir ao Fogga realizar todos os controis necesarios, como a comprobación dos rexistros e a inspección física.
9. Que se compromete a levar un rexistro cos nomes e enderezos dos centros escolares e dos produtos e cantidades subministradas.
10. Que se compromete a subministrar os produtos coas exixencias impostas pola lexislación técnico-sanitaria nacional e pola regulamentación comunitaria.
11. Que se compromete a manter actualizados os datos da documentación que entrega se sufrisen algunha modificación e a comunicalo no prazo dun mes de terse producido.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

<input type="checkbox"/> Memoria descriptiva da estrutura técnica dispoñible			
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (presumírase que a consulta é autorizada)	ORGANO	CÓD. PROC.	ANO
Escritura de constitución e estatutos da sociedade ou asociación, e das súas modificacións, se é o caso			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

DNI/NIE da persoa declarante

DNI/NIE da persoa representante

NIF da entidade declarante

Alta no imposto sobre actividades económicas (IAE)

Alta no rexistro sanitario de empresas correspondentes

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á cal se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	



**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**ANEXO II**
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 9 de xullo de 2018 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2018/19, e a convocatoria da declaración de participación para o curso escolar 2019/20.

SINATURA DA PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)

**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: y1dqvau0-e8v1-eut1-r1e5-g5tjgu8rox93

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO III

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDA PARA A SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS AOS CENTROS ESCOLARES	MR265B	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante					
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE					
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.					
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.					
<input type="radio"/> Postal (cúbrase o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)					
As notificacións que se realicen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.					
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA	
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:	
<input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.	
<input type="radio"/> Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:	
ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO III
 (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición que impidan obter a condición de beneficiaria previstas na normativa aplicable en materia de subvencións.
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Con base en todo o anterior, SOLICITA a axuda correspondente ao grupo de produto (froitas frescas e castañas/ leite líquido de consumo) polo importe de € para os centros escolares da provincia de

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Anexo III-A, para o grupo de produto de froitas frescas e castañas
- Anexo III-B, para o grupo de produto de leite líquido de consumo
- Fichero CSV de carga de datos de distribución

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

Estar ao día nas obrigas tributarias co Estado

Estar ao día coa Seguridade Social

Estar ao día nas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á cal se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 9 de xullo de 2018 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2018/19, e a convocatoria da declaración de participación para o curso escolar 2019/20.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de


 Servizo Territorial do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) en


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO III-A

COMPROMISOS E CERTIFICACIÓN DE DATOS DO CENTRO ESCOLAR
 (GRUPO DE PRODUTO: FROITAS FRESCAS E CASTAÑAS)

DATOS DO CENTRO ESCOLAR		CÓDIGO DO CENTRO	NIF
CENTRO EDUCATIVO			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
PARROQUIA	LUGAR		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

E NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE			

COMPROMÉTESE A:

- Destinar os produtos subvencionados exclusivamente ao alumnado do centro escolar, nas condicións previstas nesta resolución, para o consumo dentro do centro durante o horario de recreo.
- Respectar a ración máxima de 0,17 kg de produto subvencionado por alumno/a e día.
- De consumirse froitas con pel, é indispensable lavalas previamente ao seu consumo.
- Que os produtos subvencionados se consumirán no seu estado natural e non se utilizarán na preparación de comidas subministradas ao alumnado.
- Permitir calquera tipo de inspección relacionada co Programa escolar.
- Ter exposto permanentemente na entrada principal do centro escolar o cartel do Programa escolar subministrado polo Fogga, nun lugar que sexa perfectamente visible e lexible.
- Manter os produtos subministrados en correctas condicións de conservación ata o momento da distribución ao alumnado nas condicións impostas pola regulamentación técnico-sanitaria, mediante instalacións frigoríficas axeitadas ou mediante un plan gradual de recepción dos produtos que asegure este fin.

CERTIFICA

- Que a persoa subministradora dos produtos é:
con NIF:
- Que o centro ten carácter: público privado concertado
- Que participa no Programa escolar, coa distribución de froitas frescas e castañas de acordo co seguinte:

NIVEL DE ENSINO	LUGAR (patio, aula...)	HORARIO DE REPARTICIÓN	ALUMNADO MATRICULADO	ALUMNADO PARTICIPANTE
Educación infantil				
Educación primaria				
Educación secundaria (ESO)				
TOTAL				
- Que os produtos se distribuirán nos períodos de repartición e calendarios seguintes (cúbrase o que corresponda):
 Primeiro período de repartición (novembro a febreiro): comeza o día (10 días lectivos consecutivos)
 Segundo período de repartición (marzo a xuño): comeza o día (10 días lectivos consecutivos)
- Que dispón de: Comedor propio Catering Servizo de cafetería

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

 Lugar e data
, de de




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO III-B

COMPROMISOS E CERTIFICACIÓN DE DATOS DO CENTRO ESCOLAR
 (GRUPO DE PRODUTO: LEITE LÍQUIDO DE CONSUMO)

DATOS DO CENTRO ESCOLAR		CÓDIGO DO CENTRO	NIF
CENTRO EDUCATIVO			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
PARROQUIA	LUGAR		
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

E NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE			

COMPROMÉTESE A:

- Destinar os produtos subvencionados exclusivamente ao alumnado do centro escolar, nas condicións previstas nesta resolución, para o consumo dentro do centro durante o horario de recreo.
- Respectar a ración máxima de 200 cc de produto subvencionado por alumno/a e día.
- Que os produtos subvencionados non se utilizarán na preparación de comidas subministradas ao alumnado.
- Permitir calquera tipo de inspección relacionada co Programa escolar.
- Ter exposto permanentemente na entrada principal do centro escolar o cartel do Programa escolar subministrado polo Fogga, nun lugar que sexa perfectamente visible e lexible.
- Manter os produtos subministrados en correctas condicións de conservación ata o momento da distribución ao alumnado nas condicións impostas pola regulamentación técnico-sanitaria, mediante instalacións frigoríficas axeitadas ou mediante un plan gradual de recepción dos produtos que asegure este fin.

CERTIFICA

- Que a persoa subministradora dos produtos é:
con NIF:
- Que o centro ten carácter: público privado concertado
- Que participa no Programa escolar, coa distribución de leite líquido de consumo de acordo co seguinte:

NIVEL DE ENSINO	LUGAR (patio, aula...)	HORARIO DE REPARTICIÓN	ALUMNADO MATRICULADO	ALUMNADO PARTICIPANTE
Educación infantil				
Educación primaria				
Educación secundaria (ESO)				
TOTAL				
- Que os produtos se distribuirán nos períodos de repartición e calendarios seguintes (cobrir o que corresponda):
 - Primeiro período de repartición (novembro a febreiro): comeza o día . Nº días repartición: (20 a 60 días lectivos consecutivos)
 - Segundo período de repartición (marzo a xuño): comeza o día . Nº días repartición: (20 a 60 días lectivos consecutivos)
- Que dispón de: Comedor propio Catering Servizo de cafetería

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

 Lugar e data
, de de




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO IV

PROCEDEMENTO PAGAMENTO DA AXUDA PARA A SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS AOS CENTROS ESCOLARES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR265C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------


DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>		<input type="text"/>					
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.							
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
<input type="radio"/> Postal (cúbrase o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)							
As notificacións que se realicen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			

DATOS BANCARIOS							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
<input type="text"/>				IBAN	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CÓDIGO DE PECHE DE EXPEDIENTE (*)		<input type="text"/>
(*) Dato obrigatorio para cubrir co código de peche xerado pola aplicación informática despois de gravar os datos relativos á solicitude		
A persoa solicitante,		
CERTIFICA:		
Que durante o	<input type="text"/>	período de repartición (indíquese primeiro ou segundo), subministróu a cantidade de <input type="text"/> kg de
<input type="text"/>	(indíquese grupo de produto) ao alumnado da provincia de <input type="text"/> .	
SOLICITA o pagamento da axuda conforme o previsto na normativa vixente, por un total de <input type="text"/> euros, e o ingreso desta axuda na conta bancaria sinalada.		

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: y1dqvau0-e8v1-eut1-r1e5-g5fjgu8rox93


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO IV
 (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
 3. Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición que impidan obter a condición de beneficiaria previstas na normativa aplicable en materia de subvencións.
 4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

Estar ao día nas obrigas tributarias co Estado

Estar ao día coa Seguridade Social

Estar ao día nas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á cal se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 9 de xullo de 2018 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2018/19, e a convocatoria da declaración de participación para o curso escolar 2019/20.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

 Servizo Territorial do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) en

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora
